



Tradución ao galego de Yolanda Castaño

O terceiro neno

Eu son o teu fillo descoñecido.
Eu son o negativo
entre os teus dous nenos de ollos azuis
irradiando contra a escuridade miña.
Son o teu esquecido, o teu disipado, o que
botas a patadas.
Eu axeónllome —mentres eles
pechan os ollos e tenden os brazos para o galano—
como clamando polo golpe
que non se dará.
Aliméntome do rastro do seu chocolate,
do renxer do celofán.
De noite encóllome no recuncho das súas camas,
onde pequenos animais de peluche
arrodéanos como trincheira contra calquera mal,
axexando o ritual nocturno,
cando pisarás os meus pés sen decatarte
ao inclinarte para alisar as súas mantas enroscadas.

Cando peches os teus ollos
-verdes coma os meus!-
esvararei baixo as túas pálpebras para borboriñar:
"mamá".
Se tratas de afastar o horror do meu rostro
descubrirás, con vergoña,
que nin sabes o meu nome.

Tal Nitzán

POETAS NA CORTE D'EL REI SABIO

25 de outubro de 2015 · Fundación Vicente Risco

Nada en Jaffa (Israel), aínda que con raíces arxentinas, Tal Nitzán é poeta, novelista, editora e tradutora. Máster en Literatura pola Universidade Hebrea de Xerusalén, residiu en Bos Aires, Bogotá e Nova York. Hoxe faino en Tel Aviv, dende onde coordina dúas coleccións de literatura latinoamericana e hebrea. Con máis de oitenta libros ás súas costas, Tal Nitzán é unha das máis grandes tradutoras de literatura hispánica para o hebreo. Ademais dunha adaptación do Quixote para lectores mozos, entre os autores que ten vertido á lingua hebraica constan Machado, Lorca, Neruda, Borges, Octavio Paz, Cortázar, César Vallejo, Ernesto Sábato, Alejandra Pizarnik, Onetti, García Márquez, Vargas Llosa, Roberto Bolaño ou Miguel Delibes. Por este incansable labor ten recibido multitude de galardóns como o Premio de Tradución do Ministerio de Cultura en dúas ocasións, o Premio Tchernijovsky para tradutores sobresalientes e unha Medalla de Honra do Presidente de Chile polas súas traducións de Neruda.

Conta con seis poemarios publicados, dous libros para nenos e dúas compilacións de poesía hispanoamericana. Incansable activista pola paz e o diálogo, a súa revolucionaria antoloxía de 20 anos de poesía israelita de denuncia, Con pluma de ferro, foi publicada nos Estados Unidos e Francia. Como poeta, recibiu distincións como a do Premio Bernstein de Poesía, o Premio da Asociación de Editores ou o galardón Ministro de Cultura para poetas noveis. Ademais, poemas seus foron traducidos a máis de vinte idiomas, resultaron ampla e internacionalmente antologados, e publicáronse compilacións da súa poesía en italiano, francés, lituano, portugués, alemán e español.

ACOUGO

Non hai cousa máis calada
que os golpes que descenden sobre outros,
nin menor ameaza
ao repouso da alma satisfeita.
Muda a derrota nos seus ollos,
os seus brazos
caídos en silencio.

Qué apracible quietude.

Agás un son sutil, penetrante,
molesto nas mañás sobre todo
mais doado de acalar
co renxer tranquilizante das follas do diario.

Antes de se cubrir de cascallos
quedarán sepultos baixo a sección espectáculos,
a cunca de café pola metade,
un portazo

na nosa casa
que permanece de pé.

NOS TEMPOS DO CÓLERA

Estamos fronte a fronte,
de costas ás desgrazas do mundo.
Tras dos ollos pechados
e as cortinas corridas
de súpeto azoutan
o siroco e a guerra.

O siroco acougará máis cedo,
a brisa leve non ha revivir
os mozos tiroteados,
non arrefriará
a carraxe dos vivos
O incendio ha de chegar
por moito que demore,
“Fará falla tanta agua” etc.,
os nosos brazos non alcanzan
máis alá do noso corpo:
somos masa incitada
a aferrarnos e morder,
amurallarnos na cama
mentras arriba, no ozono,
ábrese un sorriso burlón.

TARDE CON NENA

Erguícheste coas meixelas ardentes
e a cariña contraída pola pena de espertar.
Tristeza de tres anos:
presentimento das tristuras que te agardan aínda.
Qué podería consolarte.
Sigo escribindo cunha man,
acariñándote coa outra.
Ti non pensas en min :
talvez nunha lambetada, se cadra nun león,
ou nun tren quizais.
Eu tampouco penso en ti :
na fría mera de xaneiro
que aboiaría entre a pantalla e mais eu
de non te aconchegares canda min.
Agora empezas a impacientarte.
Eu tamén:
estórbasme o escribir o poema sobre ti.